

No concello de Mondoñedo,
os cartos deben de sobrar,
porque os bolardos das calles
deron orden de sacar.

Pensarán que sin "bolardos"
a cousa vai mellorar,
e si o pensaran un pouco
no nos terían que sacar.

As ruas cheas de coches,
outra vez volverán tar,
e a Orlando unha medalla
vamos a terlle que dar.

Pensa que poñendo multas,
vai ter o asunto amañado,
e ca xente de Mondoñedo
non sei se tara equivocado.

Non sei con esta medida
a quen quer favorecer,
os veciños desde logo
moito nos vai convencer.

Cos bolardos polo menos
aínda podías andar,
cando os quiten meus amigos,
outro galo a de cantar.

Non acabo de entender
a quen poden molestar,
e moito menos desde logo
porque os queren sacar.

Do mesmo pé neste Concello,
sempre tamos coxeando,
e o que pon un rexidor
o outro acaba sacando.

Se fora noutro Concello,
esto o mellor non pasaba,
e a xente desde logo
seguro que non tragaba.

Cos cartos que se gastaron
pa podelos colocar,
e agora que fan servicio,
van e querenos sacar.

Tiveron de acordo en poñelos,
é xa os queren retirar,
tendo tan pouca palabra
moi pouquiño van ganar.

Hay cousas mais importantes
nas que tiñan que pensar,
pero desas polo visto
non se deben de lembrar.

Algunha papelera polas ruas
si quixeran podían colocar,
o mellor non teñen ganas
e non queren traballar.

Ca auditoria tamén,
non sei que pensan facer,
porque os cartos que se foron
eses xa non van volver.

Por moito que sigan mirando,
pouco ou nada vai pasar,
e o final todos sabemos
que a vamos ter que pagar.

Moi barata desde logo
penso que non vai salir,
e despois todos sabemos
que de nada vai servir.

A estes como non cambien,
tamén lles pode pasar,
que a xente de Mondoñedo
deles se chegue a cansar.

O mellor lles pasa como outro
que quería o pobre repetir,
e cando pensou que quedaba,
non puido o home salir.